Betula alba L., 1753

- budieiro, albelo, budieira, bidalo, bido
- abedul
- urki o urkia
- bedoll
- birch
- bidueiro, vidoeiro



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fagales**	**Betulaceae**	***Betula***

ORIXE

Orixinaria de Europa e do sudoeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de crecemento medio, que pode superar os 20 metros de altura. A codia é lisa, branca ou esbrancuxada no tronco e nas pólas novas, e exfolíase en láminas finas. Co paso do tempo, a base pode gretarse e adquirir unha tonalidade pardo-amarelada. As follas son simples, alternas, de forma romboidal a ovado-redondeada, co ápice agudo e a marxe irregularmente serrada. Son de cor verde intensa e, no outono, vólvense dun amarelo dourado brillante antes de caeren. A inflorescencia preséntase en amentos. Os froitos son aquenios alados que se dispersan facilmente co vento.

HÁBITAT

Zonas temperadas e frías, preferindo solos frescos, ácidos, silíceos e húmidos, como os das ribeiras, claros de bosques e zonas de alta montaña.

DISTRIBUCIÓN

Dende o norte de Europa e Asia ata o mediterráneo en zonas montañosas. É a especie de bidueiro máis estendida en Europa.

CURIOSIDADES

As marcas escuras e horizontais na codia, que ás veces parecen ollos, fórmanse de maneira natural cando as pólas inferiores morren e caen.